

Dende a Agrupación Deportiva Baixo Miño animámosvos a participar no concurso para a elaboración dun logo máis moderno da Agrupación para a nosa páxina no FACEBOOK.

Para iso, hai que ter en conta as seguintes bases:

- O traballo que se presenta a concurso consistirá nun debuxo relacionado co DEPORTE e que teña como protagonista a unha mascota (pode ser o que vos queirades animal, ser fantástico, persoa, ...)
- Asimesmo o debuxo terá que vir acompañado coa palabra AGRUDEBAN.
- A palabra AGRUDEBAM ten que vir ben lexible e perfilada con rotulador para que poida destacar.
- Todo isto farase no modelo adxunto que podedes descargar e imprimir.
- Dito traballo debe ser orixinal e o máis coidadoso posible na súa elaboración e, ademais, acorde á idade do nen@.
- Cos traballos entregados realizarase un sorteo entre todos os participantes e entregaráselle un agasallo ao gañador ou gañadora e tamén para o colexio ó que pertenza o gañador ou gañadora.
- Ao traballo gañador pediráselle o debuxo orixinal.
- Poderán participar tódolos nen@s de tódolos colexios aos que pertence á nosa Agrupación (A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui e Salceda)
- Todos os traballos presentados a concurso terán autorización do seu autor para ser publicado na nosa páxina web, citando a súa orixe.

Os alumn@s que participedes deberedes entregar o traballo escaneado e envialo ao seguinte correo electrónico: [tonyreyan@agrudebam.es](mailto:tonyreyan@agrudebam.es) con asunto CONCURSO LOGO AGRUDEBAM.

É moi importante que no correo electrónico escribades, de novo, os datos persoais (nome, apelidos, idade, centro no que estuda o nen@ e curso) que figuran no modelo adxunto e que estes veñan ben cumprimentados para poder realizar o sorteo de xeito satisfactorio.

**A data límite de entrega será ata o 30 de abril**

Animádevos a participar!